

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 5 DE OUTUBRO DE 2016

Asistentes:

Ansia Gómez, Jorge
Arribas Álvarez, MCarmen
Barriocanal López, Yolanda
Castro Pérez, Ladislao
Cid Narváez, Daniel
Comendador Rey, Beatriz
Fdez Contreras, MCarmen
García Cabo, Manuel
Juana López, Jesús de
Lozano González, Carlos
Pérez Losada, Fermín
Prada Rodríguez, Julio
Presedo Garazo, Antonio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de

Desculpan a súa ausencia:

Espino Alvarado, Héctor
Gómez Iglesias, Montserrat
López Díaz, María (Ano
sabático)
Valín Fernández, Alberto

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o mércores 5 de outubro de 2016, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 30 de outubro de 2016

- Lectura e aprobación da acta anterior (22 de xullo de 2016)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, da modificación dos horarios do 2º cuatrimestre do 4º curso
- Aprobación, se procede, da actividade extraacadémica solicitada pola área de Xeografía Física
- Aprobación, se procede, das saídas de estudos e prácticas de campo para o curso académico 2016/2017
- Aprobación, se procede, da solicitude de orzamento para saídas de estudos
- Aprobación, se procede, da normativa do TFM do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Aprobación, se procede, da admisión de alumnado SICUE nas materias de Prácticas e de TFG
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (22 de xullo de 2016)

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (cuestións de índole persoal), María López (Ano sabático), Héctor Espino (cuestións de índole persoal) e Montserrat Gómez (turno do outro departamento).
- Informa que a semana pasada mantivo unha reunión cos delegados de curso. Nesta reunión se queixaron do sistema de contratación da UVigo, xa que non substitúen ao profesorado fixo que por diversas causas deixa a universidade, senón que optan pola contratación temporal de persoal que non ten que asumir as mesmas obrigas e necesariamente non ten a mesma implicación.
Outro tema que lles preocupa é os poucos libros e o pouco tempo que llos deixan en préstamo na biblioteca. Entendendo lóxica esta demanda a decana recomendoulles que fixeran, de xeito individual, unha queixa no sistema de queixas e suxestións da UVigo. Tamén dende a facultade vaise enviar un escrito ao director da biblioteca demandando a mencionada ampliación.
Comentaron tamén que o profesorado poderíase poñer de acordo á hora do sistema de citas que se lles pide. O profesor Julio Prada di que por exemplo cada revista pide un sistema, e que é bo que saiban os distintos tipos de citas que hai. Están de acordo co dito por Julio as profesoras Elena de Uña e Yolanda Barriocanal. Jesús de Juana opina que mentres citen ben, deberíamos deixarlle utilizar calquera das opcións.
- Lembra que os procesos de acreditación do Sistema de Calidade e da certificación do título serán neste curso académico. A área de Calidade notificou que se establecerán dous procesos diferentes, cada un co seu respectivo tribunal. O vindeiro venres virá o director da Área de calidade a unha reunión e manifestou a súa dispoñibilidade para reunirmos con el cando o precisáramos. En principio se xuntará co equipo decanal e coa administradora de centro.
- Para informar sobre o congreso dedicado a S. Martín de Tours que terá lugar do 14 ao 18 de novembro en Ourense cédelle a palabra ao profesor Fermín Pérez, quen coñece de primeira man o proceso.
Fermín di que se trata dun congreso polo 1700 aniversario do nacemento do santo. Está organizado por un profesor da Universidade Autónoma de Madrid e conta coa colaboración da Deputación de Ourense. A Facultade de Historia estará presente como entidade colaboradora e participarán como poñentes Fermín Pérez e Adolfo Fernández con dous relatorios, ademais unha das sesións será na Facultade. Tamén se está a cumprimentar a documentación para a solicitude de recoñecemento de créditos ECTS para o alumnado que asista ao congreso.

- Tamén estivo o persoal de prevención de riscos laborais para informar dun curso sobre primeiros auxilios e outro de loita contra incendios. Solicitounos actualizar ao persoal de emerxencias. Se propón ao profesor Fermín Pérez para o 1º andar pola tarde.
- Informa que as xornadas que organiza a Facultade “Historia das mulleres” que terán lugar o 20 e 21 de outubro, coordínanse dende o decanato. Os relatores están confirmados e se está concretando os temas de aloxamento e desprazamentos.

3. Aprobación, se procede, da modificación dos horarios do 2º cuatrimestre do 4º curso

Detectado o erro, polo profesor Antonio Presedo, de que as materias de 4º curso de *Historia do poder e das Institucións* e *Historia Moderna de Galicia* só tiñan 3 horas de docencia a semana cando tiñan que ser 4, procédese á modificación do horario dos xoves, que quedaría da seguinte forma: *Historia do poder e das institucións* de 10.00-12.00h., *Prehistoria do NW da P.I.* de 12.00-14.00h. e *Historia moderna de Galicia* de 16.00-18.00h.

Apróbbase a modificación dos horarios.

4. Aprobación, se procede, da actividade extraacadémica solicitada pola área de Xeografía Física

A profesora Elena de Uña explica que é unha actividade a realizar o 15 de outubro e que está aberta a toda a comunidade universitaria. Se fará unha visita á paleo-furna de A Lagoa e á cova de A Trapa, lugares inéditos e diferentes do noso patrimonio natural.

Apróbbase a realización da actividade extraacadémica.

5. Aprobación, se procede, das saídas de estudos e prácticas de campo para o curso académico 2016/17

Hai 8 saídas programadas para o 1º cuatrimestre e 3 para o 2º. Segundo o orzamento dispoñible para o 1º cuatrimestre, non se poderá cubrir todo o presupostado na saída organizada pola área de Historia de América, polo que só se lle concederán 1.000€.

Apróbanse as saídas de estudos.

6. Aprobación, se procede, da solicitude de orzamento para saídas de estudos

A profesora Elena de Uña vai organizar unha saída de estudos a A Veiga e Trevinca, de dous días de duración. Solicita que a parte da axuda do desprazamento, se lle subvencione ao alumnado o aloxamento e o pago do guía da actividade. O custe total serían 254€.

Apróbase concederlle a subvención solicitada.

7. Aprobación, se procede, da normativa do TFM do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A decana cédelle á palabra á profesora Beatriz Comendador como coordinadora do máster. Beatriz comenta que a universidade aprobou unha normativa de TFM xa que non tiña unha normativa específica. A partir desta redactouse unha adaptada á peculiaridade semipresencial do noso máster. O procedemento será a través da secretaría virtual excepto a asignación de titor e traballo.

Tamén afirma que debido á caída dun dos módulos do máster e á conseguinte diminución de profesorado, se vai requirir persoal docente doutor para formar parte dos tribunais de TFM.

Apróbase a normativa do TFM para o máster.

8. Aprobación, se procede, da admisión de alumnado SICUE nas materias de Prácticas e de TFG

A decana comenta que o alumnado SICUE é o alumnado que vai ou ven un cuadrimestre ou un curso a estudar a outra universidade española. Nos contratos que se formalizan recoñécense os estudos materia por materia.

Ata o de agora non se aceptaban nos contratos as materias de Prácticas e de TFG. Dende a vicerreitoría de estudantes nos solicitan a posibilidade de abrir ao alumnado con estas materias.

Despois dun breve debate entre o profesorado sobre os inconvenientes que ten recibir alumnado con estas materias ou que o noso alumnado se vaia a outra universidade e faga alí as Prácticas ou o TFG, debido, entre outros motivos á diferente regulamentación na materia do TFG nas distintas universidades españolas e a sobrecarga que o profesorado ten en relación con estas materias, se chega á conclusión de que, polo momento, non se vai a ofertar no marco SICUE as materias de Prácticas e de TFG.

9. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.20 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas